



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA PARA SELECCIÓN URGENTE DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A LIMPEZA E MANTEMENTO DE VIAIS E ZONAS RECREATIVAS MUNICIPAIS.

Pola alcaldía-presidencia de este concello, de conformidade co disposto nas bases que rexerán para a contratación de persoal laboral temporal desta entidade aprobadas polo pleno municipal en sesión de **2 de Abril de 1998 (BOP nº 86 de 17 de Abril de 1998)**, a tenor da existencia dunha necesidade efectiva de novo persoal para a prestación da obra ou servizo de **LIMPEZA E MANTEMENTO DE VIAIS E ZONAS RECREATIVAS MUNICIPAIS (Peóns Forestais)** durante o ano 2018 (**dende o 01 de xullo hasta o 31 de agosto de 2019**) que non pode ser atendida polo persoal existente posto que a acumulación de tarefas de limpeza e desbroce requiren dun incremento de horas de traballo que superaría a xornada máxima legal estipulada, pola presente,

RESOLVESE:

Efectuar a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal do Concello de Xove para os postos de traballo que se relacionan seguidamente:

POSTO DE TRABAJO	Nº DE POSTOS	CUALIFICACIÓN PROFESIONAL
PEÓNS FORESTAIS E DE DESBROCE	6	PEÓNS FORESTAIS

A

s características son as seguintes:

- a) **Tarefas obxecto do contrato ou contratos:** Peón Forestal e de Desbroce.
- b) **Duración:** Prazas a xornada parcial (30 horas semanas) desde o 01 de xullo hasta o 31 de agosto de 2019.
- c) **Retribución:** Segundo convenio ou normativa aplicable
- d) **Tipo de contrato laboral:** Laboral temporal a xornada parcial
- e) **Requisitos para a selección dos candidatos.**
 - a) **Ser cidadán español ou cidadán membro dun estado da Unión Europea.**
 - b) **Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da que no seu caso se fixe na convocatoria.**
 - c) **No padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións.**
 - d) **Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas nin encontrarse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.**
 - e) **Dispoñer de determinada titulación ou coñecementos específicos na materia de que se trate: Esíxese como mínimo Curso de Peón Forestal ou Equivalente**
- f) **Sistema de publicación da convocatoria.**

A publicidade da convocatoria efectuarase mediante convocatoria a través do BOP.
- g) **Criterios de selección.** Para a admisión dos aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:



- a) Proba conceptual tipo test sobre as actividades a realizar así como de seguridade e prevención neste tipo de traballos. Valoración de cómo máximo **7 puntos**.
- b) Valoración dos méritos extraídos dos Currículums presentados en referencia a cursos directamente relacionados coas tarefas do posto de traballo, tempo traballado en posto igual e que terá unha valoración máxima de **3 puntos**, a razón de **0,5** puntos por cada un dos meses traballados.
- c) Realización dunha proba práctica que será valorada de forma independente e que se sumará á puntuación final acadada nos apartados anteriores. A valoración da/s proba/s prácticas terá un máximo de **5 puntos**.

As solicitudes recepcionaranse por rexistro de entrada a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no BOP e cunha duración de 2 días.

As probas celebraranse os dous **días da finalización da recepción de solicitudes ás 10:30 horas na Aula de Formación Municipal**.

h) Composición del tribunal:

A selección dos aspirantes realizarase por un Tribunal presidido polo **Encargado do Negociado de Persoal** ou traballador en quen delegue, e integrarase como mínimo polas persoas que se relacionan seguidamente.

- **Secretario:** O secretario da corporación ou persoa na que delegue.

Vocais:

- **1º)** Vocal Titular: **Dna. Elena Santos Rey** (Interventora do Concello de Xove), e como suplente **D. Benigno González Mon.**
- **2º)** Vocal Titular: **D. José M. Rodríguez Rouco**, e como suplente a D. José Cociña Quelle.
- **3º)** Vocal Titular: **D. Andrés García Piñeiro** (Presidente do Comité de Empresa) e como suplente. **D. Albano Riveira Paleo**

Os aspirantes aprobados que non obteñan praza pasarán a constituir unha lista de reserva para cubrir eventuais vacantes ou substitucións.

Xove, a 17 de Xuño do 2019

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE